

FALLO DO XURADO DO VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "PAISAXES DE BOQUEIXÓN"

O xurado do VIII Concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón" composto por Lorena González Vázquez (Lorena do Merlo- Fotografía), Carlos Suárez González (Nós Comunicación), Dolores Fernández Iglesias (Fotoxornalista de Lindeiros.gal) e Rosario Iglesias Iglesias, técnica municipal de Cultura, con voz e sen voto, logo de comprobar o cumprimento dos requisitos de participación das 99 fotografías presentadas ao concurso, proceden a puntuar individualmente cada unha delas (máximo 90 puntos), tendo en conta os criterios de calidade técnica, composición, impacto visual, mensaxe transmitida, creatividade e dificultade, e

ACORDAN:

Primeiro. Excluir do concurso as imaxes que non cumpren os requisitos establecidos na base segunda (bis) do VIII Concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón" que serían as que figuran numeradas cos números 12, 13, 16,17, 50, 51, 77 e 96 na exposición de fotografías publicada na web municipal

" Segunda(bis). Características das fotografías

As fotografías propostas deberán ser orixinais e inéditas e presentarse en formato horizontal, cun tamaño de 2000x1500 px e resolución mínima de 150 ppp, en branco e negro ou toda cor, admitindo virados.

Non se aceptarán fotografías nas que se poidan identificar persoas, nin se admitirán montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos da cor ou axustes relativos á calidade ou procesado da imaxe"

Segundo. Designar seleccionadas as seguintes doce imaxes segundo a puntuación acadada:

Foto nº	Título	Nome autor/a	Puntuación
32	<i>As cores de Neira Vilas</i>	Fernando Lueiro Balado	73
39	<i>Amencer no Pico Sacro</i>	Belén Iglesias Cajaraville	64
25	<i>Noite no Pico</i>	Elisabet López Carvalhais	63
94	<i>Círculo musical</i>	Adrián Álvarez Aguión	62
31	<i>Escalada ao ceo</i>	Fernando Lueiro Balado	62
43	<i>Outono á beira do Pontillón</i>	Isaac Pérez Vázquez	60
64	<i>Unha mañá na Fervenza de Rubio</i>	César Carracedo Pose	57
4	<i>Río de néboa</i>	Jesús López Blanco	56
33	<i>A Fervenza de Rubio viste de seda</i>	Fernando Lueiro Balado	56
42	<i>Capela de San Sebastián</i>	Carlos Arminio Buján	56
44	<i>Camiñando sobre o Ulla</i>	Isaac Pérez Vázquez	56
68	<i>Os arcos vellos que unen xentes e tempos</i>	Alejandra Fernández Vilela	55


Terceiro. Nomear como fotos gañadoras deste concurso as tres seguintes:

Premio	Título	Nome autor/a	Puntuación
1º premio	<i>As cores de Neira Vilas</i>	Fernando Lueiro Balado	73
2º premio	<i>Amencer no Pico Sacro</i>	Belén Iglesias Cajaraville	64
3º premio	<i>Noite no Pico</i>	Elisabet López Carvalhais	63

Cuarto. Comunicar este fallo ao Concello de Boqueixón para que proceda a fixar a entrega de ditos premios.

Boqueixón, 12 de decembro de 2022.


Asdo. Lorena González Vázquez



Asdo. Carlos Suárez González



Asdo. Dolores Fernández
Iglesias



Asdo. Rosario Iglesias Iglesias

